

Vigo, 15 de setembro de 2017.

Estimado Director ou Directora:

O motivo da presente é poñer no seu coñecemento que o Programa KTORCE-18 (Programa de prevención de condutas infractoras) da Asociación ARELA está comezando a súa nova andaina para o curso 2017 - 2018. Este Programa pretende achegar a Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores aos seus protagonistas, os e as adolescente. Dende que a Fundación Barrié comezou a colaborar co Programa KTORCE-18, a partires do curso 2012 - 2013, incrementouse enormemente a demanda e a participación, estendéndose a experiencia dende a provincia de Pontevedra a toda a comunidade autónoma.

No curso 2016 - 2017, dentro das actividades do programa KTORCE-18, realizáronse un total de **106 charlas**, nas que participaron **5411 persoas**, das cales **5068 foron adolescentes, e 343 foron mestres e mestras**. A media do **índice de satisfacción** dos e das participantes nas charlas foi dun **4,59 sobre 5 puntos**.

#### ¿En qué consiste o PROGRAMA KTORCE-18?

- Ofertar unha charla divulgativa para os alumnos de entre 2º e 4º de ESO, de 100 minutos de duración, cun claro obxectivo preventivo das condutas infractoras máis salientables nos adolescentes, facendo especial fincapé no acoso escolar, as redes sociais, o maltrato familiar, o consentimento nas relacións, ... e en todos aqueles temas e situacións que viven de cerca os adolescentes, explicando as consecuencias legais e a responsabilidade dos menores nas mesmas.
- Ofertar materiais didácticos e actividades para a aula, co fin de seguir aprofundando no traballado nas charlas, a través do portal [http://www.fundacionbarrie.org/material\\_profesionales\\_familias](http://www.fundacionbarrie.org/material_profesionales_familias). As temáticas sobre as que se ofertan os materiais didácticos son as seguintes: Redes sociais, Acoso escolar ou Bullying, Violencia filio parental, e Consentimento nas relacións sexuais.
- Realizar, con carácter anual, unha xornada formativa dirixida a profesionais da educación na que se reflexiones sobre un tema de actualidade e se oferten as últimas novidades en intervención.

#### ¿Qué precisamos?:

- Un grupo de alumnos e alumnas (ata 80, aproximadamente).
- Unha aula onde realizar a charla, que conte con ordenador, pantalla ou parede na que proxectar e son.

#### Custe:

No curso 2016 - 2017 a participación nas xornadas divulgativas terá un **custe de 50 euros** para unha charla e de **80 euros** se, na mesma xornada, impártense dúas charlas. Con isto se axudará á financiar os gastos derivados das mesmas (materiais, desprazamentos, persoal, ...). Durante cada xornada, poderán organizarse un máximo de 2 charlas en horario de mañá. Sen embargo, non queremos que ninguén deixe de participar no programa polo custe do mesmo, polo que no caso de non contar con orzamento no seu centro para este tipo de actividades estaremos encantados de acudir igualmente.

**Fundación Barrié**



### ¿Cómo solicitalas?

Se están interesados en que impartamos esta charla no seu centro educativo, poden poñerse en contacto con nos a través dos seguintes medios:

- do correo electrónico [ana@arela.org](mailto:ana@arela.org);
- do teléfono 986.212.537;
- da páxina web <http://www.arela.org/programa-de-prevencion-de-condutas-infractoras.html>

### ¿Quen somos?:

**Asociación ARELA:** ten como misión o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

**Fundación Barrié:** traballa coa comunidade educativa, na procura da posta en valor do talento compartido, xa que a educación é o eixo da actividade da Fundación que desenvolve prioritariamente en Galicia, proxectos en 3 áreas de actuación: educación e investigación, patrimonio e cultura, e acción social.

Esperando poder colaborar con vostedes proximamente, despedímonos cun cordial saúdo.

Asdo. Ana Pérez Figueroa  
Coordinadora da Área de Conflito Social da Asociación ARELA